

## Novo curso, nova Lei... e cidadanía.

*José Luis Estévez Solla*

Neste curso 2007-08 comeza a implantación dunha nova lei de educación no estado español - Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE)- que aínda non cumprindo as expectativas do sectores progresistas, en especial no tema do ensino da relixión -que vai ser de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para o alumnado (disposición adicional 2ª da LOE)-, e despois dun gran debate parlamentario e nos medios de comunicación, e malia ás manifestacións realizadas polo PP de cambiala de acadar ó goberno, coidamos que a maioría da sociedade ve con incredulidade o paso de sucesivas leis xerais de educación que aínda, por veces, non totalmente implantadas son derogadas -LXE 1970, LOXSE 1990, LOCE 2002 e agora LOE 2006-. Polo que é de esperar unha lei máis duradera, polo ben do ensino e tranquilidade social, pois a LOE non presenta variacións especialmente significativas, aínda tendo presente a gran polémica creada polo episcopado, patronais confesionais e partido conservador sobre a obrigatoriedade da asignatura de Educación para a cidadanía e os dereitos humanos, nada ó abeiro do Ano europeo da cidadanía a través da educación - Consello de Europa, 2005- da que falaremos máis adiante.

Tendo en conta o ámbito a quen se dirixe nosa revista Cedofeita, trataremos de informar sobre aqueles aspectos, non só legais que leva a implantación da nova lei, senón aqueles outros que están en relación cos mesmos e que coidamos de intrínsecos no eido familiar e escolar.

### Aspectos a salientar do sistema educativo en Galicia neste curso 2007-08

#### - Sobre o galego

Un dos aspectos sobranceiros a prol dunha maior potenciación da normalización do galego no ensino é a aplicación en todos os centros públicos e privados do D. 124/07 (DOG 29/07/07) polo que se

regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Destacaremos certos aspectos como:

*educación infantil:* "No caso de contornos casteláns falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá".

*educación primaria:* "Impartiranse obrigatoriedade en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio, social e cultural e educación para a cidadanía e os dereitos humanos, garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma". Na educación primaria garantirase que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

na *secundaria obrigatoria* impartiranse en galego "as materias de ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Cando a materia de CN se desdobre en bioloxía e xeoloxía, por un lado, e física e química, por outro, as dúas materias impartiranse en galego".

no *bacharelato*, o alumnado recibirá polo menos o 50% da súa docencia en galego, ó igual que nos ciclos formativos.

*Exención:* "O alumnado que se incorpore ao sistema educativo en Galicia en 4º de ESO, ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial castelá, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante dous cursos". "Terá que asistir obrigatoriedade ás clases". Respecto o D. 79/94 anterior reduce o tempo de exención. Mais cabería preguntarse, que si os de outras linguas distintas teñen que seguir o currículo "ordinario" segundo este decreto -contando coa orde de medidas específicas ó alumnado procedente do estranxeiro "grupo de adquisición de linguas ou grupo de adaptación de competencia curricular"

Calendario de implantación da LOE (RD 806/2006. BOE 14/06/06)			
NIVEIS	CURSOS ACADÉMICOS		
	2007-08	2008-09	2009-10
EDUCACIÓN INFANTIL	- Determinación de contidos e requisitos de 0-3- * Posible anticipación das ensinanzas do primeiro ciclo	- ensinanzas do 1º ciclo (0-3) e de 2º ciclo.	
EDUCACIÓN PRIMARIA	- 1º e 2º cursos	- 3º e 4º curso - Avaliación diagnóstica de 2º ciclo	- 5º e 6º cursos - Informe de aprendizaxe de cada alumno
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	- 1º e 3º cursos - PDC, adaptación a Or.	- 2º e 4º cursos - P.C.I.P. - Avaliac. diagnóstica no 2º	
BACHARELATO		- 1º curso	- 2º curso
PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE	* Dende xuño 2007, Acceso sen proba do alumnado de UE e países con acordos		- Proba de Acceso á Universidade conforme o art. 38
FORMACIÓN PROFESIONAL	- Implantación dos novos currículos - D. 30/07 de admisión do al.		
ENSINANZAS ARTÍSTICAS	- Ensinanzas elementais de música e danza. - 1º, 2º, 3º e 4º cursos profesionais e música e danza. - Ensin. profesionais de Grao Medio de plástica e deseño.	- 5º e 6º curso de música e danza. - Grao Superior e plástica e deseño	
ENSINANZAS DE IDIOMAS	- nivel básico e intermedio (art. 59-62)	- nivel avanzado (art 59-60)	
ENSINANZAS DEPORTIVAS	- novas titulacións deportivas (de GM; DOG 24/07/07)		
ENSINANZAS DE ADULTOS	- Título para maiores de 18 anos segundo LOGXE	- Probas de maiores de 18 segundo LOE. - Proba bacharelato con 21 anos, segundo LOE	

(DOG 26-02-04)-, os de lingua castelá poderán seguir axeitadamente as outras áreas/materias curriculares que son obrigatorias en galego?.

#### - Sobre a educación infantil

A educación infantil seguirá coas mesmas ensinanzas ata a implantación no próximo curso 2008-09 das novas, tanto no primeiro ciclo de educación infantil 0-3, coma no segundo 3-6, que seguirá co seu carácter voluntario e gratuíto para as familias, e garantindo por parte da administración unha oferta suficiente. É de salientar a potenciación deste ciclo de 0-3 "galego-escolas" por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar responsable deste primeiro ciclo de educación infantil, esquecendo a controversia do "mandilón".

Hai que destacar que o D 30/2007 e a Or 17/03 (DOG 19/03/07) polo que se regula a admisión do alumnado en segundo ciclo de educación

infantil, educación primaria, ESO e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos -estatais e concertados- xera xustas demandas á Administración a prol de profesorado especializado, persoal cualificado e recursos necesarios -reflectidas no Título II, Equidade da Educación na LOE, art. 72- para dar a axustada resposta educativa ó alumnado con necesidades educativas especiais ó contemplar poder escolarizar 3 ACNEE cunha ratio de 25 alumnos por unidade tanto no ciclo de infantil como en primaria.

#### - Na educación primaria

Neste curso 2007-08 implántase o novo currículo -entendido como o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación- "non só polo tanto o libro de texto", nos cursos de 1º e 2º. Tendo presente o logro dos principios básicos da LOE "calidade de educación para todo o alumnado,

equidade que garanta a igualdade de oportunidades e *esfuerzo compartido* por todas as persoas compoñentes da comunidade educativa".

Esta etapa de primaria, obrigatoria e gratuíta, seguirá tendo seis cursos, agrupados en tres ciclos de 2 anos. Ordinariamente se cursa entre os 6 e os 12 anos. O alumno/a só poderá permanecer un ano máis na etapa; repetindo ó remate dun ciclo de non alcanzar o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grao de madurez .

O alumnado con necesidades educativas especiais -nee- é aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atención educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta. Este alumnado suxeito de medidas de adaptación significativas do currículo poderá permanecer outro ano máis -dous- na etapa sempre que se favoreza a súa integración socioeducativa. Igualmente atendendo a esa *diversidade* -atención educativa centrada en dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe- o alumnado con altas capacidades poderá anticipar un curso ó inicio desta etapa de primaria ou reducir a duración da mesma.

- Os centros e primaria deberán levar a cabo dous novos Proxectos:

- *Proxecto lector de centro.*- cara ó fomento da lectura e escritura e a adquisición coaduvadora da competencia básica na competencia lingüística.

- *Plan de introdución das tecnoloxías da información e comunicación* (TIC) que incida nun cambio metodolóxico e na adaptación á realidade no que o neno está inmerso, cara o dominio na competencia da información e competencia dixital.

- *Ensinanzas en linguas estranxeiras.*- a Administración educativa poderá autorizar a impartición dunha parte currículo nelas, sen que supoña modificación dos aspectos básicos dos mesmos. Ó igual ca na etapa de secundaria obrigatoria.

- A área de *relixión católica* será de oferta obrigatoria polos centros e de carácter voluntaria para o alumnado -ó inicio de cada curso académico os pais/nais/ ou titores manifestarán a vontade de que os seus fillos/as reciban relixión-. O ensino doutras relixións axustarase ós acordos específicos de cooperación celebrados polo Estado coas respectivas confesións.

<b>Cadro de áreas e distribución horaria en Educación Primaria</b> (D 130/2007 do currículo de E.P. DOG 09/07)						
ÁREAS	1º Ciclo		2º Ciclo		3º Ciclo	
	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	5º curso	6º curso
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación artística	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Coñecemento do medio Natural, social e cultural	5	4	5	4	5	4
Relixión	1	2	1	2	1	2
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	-	-	-	-	-	2
<b>Totais</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>

. O alumnado que non opte por ensinanzas de relixión recibirá a debida atención educativa. En ningún caso, esa atención, comportará aprendizaxes de contidos curriculares de coñecementos do feito relixioso nin de calquera área da etapa; que facer?. A avaliación da Relixión será nos mesmos termos cás outras áreas. Pola contra non se computará cara o expediente académico ou en convocatorias en concorrencia.

### - Educación secundaria obrigatoria (ESO)

No actual curso 2007-08 implántanse os currículos da LOE nos cursos de 1º e 3º. Deste etapa destacaremos:

. Seguen sendo 4 cursos académicos -idade 12 a 16 anos-; o 4º curso cun carácter orientador.

. O alumnado poderá repetir un máximo de 2 veces -unha vez por curso, excepcionalmente 2 en cuarto-. Con relación á atención á diversidade pode variar esta permanencia -altas capacidades (redución dun ano, senón se fixo en primaria), incorporación tardía (escolarización 1 ou 2 cursos inferiores), e alumnado con n.e.e. coas respectivas medidas de adaptación.

. Promoción de curso con avaliación negativa en 2 materias como máximo; excepcionalmente, poderá autorizarse a promoción con 3. As decisión sobre promoción dun curso a outro e sobre a obtención do título ó final da etapa, serán adoptadas de forma colexiada polo conxunto de profesorado do alumno/a.

. Medidas de atención á diversidade -contémpnanse as de carácter curricular e grupais, así contarase co reforzo educativo, as adaptacións significativas do currículo; e os desdobramentos, agrupamentos por materias (1º e 2º), grupos específicos temporais, Programas de Diversificación Curricular (PDC) cara a obtención do título -xa adaptados para este curso en 3º (DOG 21/08/07) para os de dous anos que son os de carácter xera-, Programas de Cualificación Profesional Inicial (a implantar no 2008-09, este curso pode habelos experimentais, e seguirán os PGS).

<b>Cadro de áreas e distribución horaria na ESO</b> (D 133/2007 do currículo de E.S.O. DOG 13/07)				
MATERIAS	Cursos			
	1º	2º	3º	4º
Lingua galega e literatura	4	3	3	3
Lingua castelá e literatura	4	3	3	3
Primeira lingua estranxeira	3	3	3	3
Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3	3	3
Educación física	2	2	2	2
Matemáticas	4	4	4	3
Relixión	2	1	1	1
Titoría	1	1	1	1
Bioloxía e xeoloxía	-	-	2	3*
Ciencias da natureza	4	3	-	-
Física e química	-	-	2	3*
Educación plástica e visual	2	-	2	3*
Segunda lingua estranxeira	2	2	-	3*
Música	-	2	2	3*
Tecnoloxías	-	3	2	-
Tecnoloxía	-	-	-	3*
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	-	2	-	-
Educación ético-cívica	-	-	-	1
Informática	-	-	-	3*
Latín	-	-	-	3*
Proxecto interdisciplinar	1	-	-	-
Optativa (1)	-	-	2	3
(*) opcionais 3 en 4º curso				
<b>Totais</b>	<b>32</b>	<b>32</b>	<b>32</b>	<b>32</b>

### . 1º curso.

. *Proxecto interdisciplinar* -nova materia-polo menos que abarque dúas materias, aparte das Linguas e as TIC -. Competencia do titor/a senón conta con adscrición a un departamento. Importante cara ó traballo en equipo e o esforzo compartido.

. *2ª lingua estranxeira* -o D. 133/07 establece o poder ter a exención para o alumnado de 1º e 2º que tendo un desfase curricular precise de apoios complementarios. Mais coidamos que neste cursos habería que afirmar antes o dominio da primeira lingua estranxeira, ou contar coa opcionalidade do pasado curso.

### . 3º curso:

No cadro adxunto poden verse as materias propias do mesmo. A materia optativa poderá elixirse entre: 2ª lingua estranxeira, Cultura clásica, Taller de iniciativas emprendedoras ou optativa ofertada polo centro. Ó igual que para 4º curso optará por: Cultura clásica -se non foi cursada en 3º-, Taller de iniciativas -polo mesmo-, optativa

ofertada polo centro, ou calquera das oito materias (\*) das que xa elixe 3 polo carácter orientador do mesmo.

. *Relixión*. Os que opten por ela poderán elixir entre as ensinanzas de relixión católica, ou daquelas outras confesións relixiosas ou o ensino de historia e cultura das relixións -variación respecto á primaria-. Os Centros prestarán igualmente a devida atención educativa os que non cursen relixión. As cualificacións obtidas non computarán na media do expediente, ou en convocatorias con concorrencia.

. *A avaliación* será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo. Os criterios de avaliación das materias serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e da consecución dos obxectivos. Seguirán as probas extraordinarias en setembro e recuperación de materias non superadas (segundo Or. 25/08 DOG 15/09/03). Orde igualmente vixente, este curso, para a titulación do alumnado de 4º -para graduar na ESO teñen que haber superado todas as asignaturas da etapa -excepcionalmente o equipo avaliador poderá propor o título, ós alumnos/as que remataren cuarto cunha ou dúas materias non aprobadas "sempre que non sexan simultaneamente dúas entre matemáticas, lingua galega ou lingua castelá"; "excepcionalidade" que por veces pode ser entendida de xeito diferente polos centros e non ben entendida polos pais.

#### - Sobre as Competencias básicas

O preámbulo da LOE é explícita no fomento da aprendizaxe ó longo de toda a vida, que implica ante todo, proporcionarlle a mocidade unha educación completa, que abrangue os coñecementos e as competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual. Enténdenas os novos currículos como a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situación diversas os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas, indo máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar. Competencias que debe desenvolver o alumnado ó finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a

súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente. Por tanto coas áreas/materias do currículo preténdese que todos os alumnos e alumnas alcancen os obxectivos educativos, e en consecuencia, que adquiren as competencias básicas. Polo que estas competencias estaranse a traballar e avaliar tanto na etapa de primaria como no ensino secundario, incidindo sobre as aprendizaxes imprescindibles dende unha formulación integradora e sendo un elemento organizador que debe influír non só nos contidos e na avaliación senón tamén na metodoloxía; cun ensino máis globalizado nos primeiros niveis, e tendo presente que a persoa na realidade cotiá non está a empregar a historia, a matemática ou a literatura como compartimentos estancos, senón interrelacionados.

Así a Unión Europea identifica 8 competencias básicas: *competencia en comunicación lingüística; competencia matemática; competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico; tratamento da información e competencia dixital; competencia social e cidadá; competencia cultural e artística; competencia para aprender a aprender; e autonomía e iniciativa persoal.*

#### - Outras medidas

##### . Acompañante

A extensión da figura do acompañante no autobús para o alumnado de infantil e primaria -de 3 a 12 anos- a todos os centros é altamente satisfactorio e cumpre unha anhelada reivindicación da comunidade escolar. Nesta persoa dependente da empresa, recae unha notable responsabilidade, pola que debe facilitárselle unha formación axeitada, e mais cando o transporte é compartido en certas rutas con alumnado de infantil, primaria e ESO.

##### . Comedores

Igualmente a extensión dos comedores escolares, principalmente na nosa localidade -Pontevedra- é unha medida favorecedora non só de hábitos, senón dun incremento na escolarización nos centros públicos. Ás veces a demanda nos CEIP non está cuberta por falta de espazos axeitados, e o mesmo financiamento, en especial do

alumnado non transportado, recae nas familias, ou concello -como o noso que apostou por eles-, e cómpre que a administración lle poña solución.

Neste tema a Orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2007-08 (DOG 16/04/07), vai facer efectiva unha vella demanda dos pais, de que o comedor funcione durante todo o curso. Así este curso dende o 12 de setembro en infantil e primaria, e en secundaria dende o 19 ata o 20 de xuño. Esta medida arrastrou as reivindicacións e paro do profesorado ó verse afectados na súa xornada laboral, en especial aqueles dos centros con xornada partida agás nos meses de setembro e xuño. No que a Consellería tratou de arranxar cun novo cadro de persoal dos centros firmado polas organizacións sindicais do profesorado, agás a CIG (08/06/07), reflectido na orde do catálogo de postos de traballo (DOG 26/07/07) que supón unha mellora das condicións do traballo do profesorado, mais nun horizonte no inicio do curso 2009/10- e coa orde sobre o complemento específico por función titorial (DOG 24/07/07). Polo que o comezo de curso escolar no ensino obrigatorio está a transcorrer sen grandes incidencias.

#### - Bacharelato

Neste curso 2007-08 continuarán os mesmos currículos, criterios de promoción e titulación, ó igual ca "selectividade" -PAAU, probas de aptitud

de para o acceso á universidade-, que o pasado curso. O 1º curso implantarase pola nova lei no curso 2008-09.

#### - FP

Respecto ó acceso ós Graos Medios -novidade- este será de acordo co expediente académico (D. 30/07 de admisión, DOG15/030/07) -ó igual que xa era nos superiores-, desaparecendo a reserva interna, para os que se cursen polo réxime ordinario (acceso directo por ter a titulación requirida ou mediante proba de acceso). (DOG 18/06/07).

Na oferta parcial de módulos polo réxime de persoas adultas os criterios son: cumprir os requisitos académicos de acceso; experiencia laboral nun sector produtivo directamente relacionado co ciclo formativo ó que pertenza o módulo profesional; e módulos xa acreditados do ciclo Formativo. (DOG 15/06/07)


CIFP, os Centros integrados de formación profesional ofrecen programas de formación en diferentes modalidades -FP regrada, FP ocupacional, FP continua, iniciación profesional, etc. E deben manter unha estreita relación cos centros de traballo e desenvolver actividades de innovación e desenvolvemento da formación profesional, de formación do profesorado, de avaliación da competencia e da información e orientación profesional. Son especifi-

<b>Estrutura do Bacharelato LOE</b>				
MATERIAS COMÚNS (LOE art. 34)	-Lingua galega e literatura (CG) * -Hª da Filosofía * -Ciencias para o mundo contemporáneo (* Deberán impartirse ó menos e 2º curso.	-Lingua castelá e literatura * -Hª de España *	-Lingua estranxeira * -Educación Física -Filosofía e cidadanía	
<b>Modalidades de Bacharelato</b>				
	<b>Artes</b>		<b>Ciencias e Tecnoloxía</b>	<b>Humanidades e Ciencias Sociais</b>
	<i>Plásticas, imaxe e deseño</i>	<i>Escénicas, música e danza</i>		
MATERIAS de MODALIDADE (Segundo Proxecto de RD presentado ás CCAA) * Deberán cursarse nos 2 cursos un mínimo de 6 materias (ó menos 5 da modalidade elexida)	Cultura audiovisual Deb. artístico I e II Deb. técnico I e II Deseño Historia da arte Volume Técnicas de expresión gráfico-plástica	Análise musical I e II Anatomía aplicada Artes escénicas Cultura audiovisual Literatura universal Linguaxe e práctica musical Hª da música e da danza	Bioloxía Bioloxía e Xeoloxía. CC da Terra e medioambientais Deb. Técnico I e II Electrotecnia Física Física e química Química Matemáticas I e II Tecnoloxía ind. I,II	Economía Economía da empresa Xeografía Grego I e II Hª da arte Hª do mundo contemporáneo Latín I e II Matemáticas aplicadas ás CCSS I e II Literatura universal
M. OPTATIVAS	A Consellería regularaaas, o alumnado poderá elixir ó menos 1 materia de modalidade			

cos non teñen alumnado de ESO ou bacharelato. Na provincia de Pontevedra a rede abrangue 4 centros: Carlos Oroza -Pontevedra-, A Granxa -Ponteareas-, e V. Paz Andrade e Coia en Vigo.

#### - Ensinanzas deportivas (capítulo VIII da LOE)

Este tipo de ensinanzas comezan este curso a súa nova implantación. Así, convocáronse probas de acceso ás ensinanzas técnico-deportivas para o curso 2007-08 (DOG 02/07/07), a orde do 6/07 (DOG 24/07/07) autoriza a implantación das ensinanzas deportivas conducentes ás especialidades de grao medio correspondentes ós títulos de técnico deportivo en fútbol, fútbol sala, baloncesto, balonmán e atletismo en centros públicos, en concreto na nosa provincia os de fútbol (IES Sánchez Cantón, Pontevedra) e balonmán (IES da Guía, Vigo).



### Acerca da Educación para a Cidadanía

#### -Notas introdutorias

Nas noticias do TD1 do 8 de outubro dábase conta do número de recursos incoados polos pais sobre a obxección á asignatura de Educación para a cidadanía ante a implantación da mesma en sete das comunidades autónomas do Estado. Coidamos que despois do debate no Parlamento e da polémica reflectida nos medios sobre esta materia, que ten a súa raíz nos pais católicos e a xerarquía eclesial, é ó considerar que EpC é una intromisión do Goberno na educación moral dos seus fillos e que toca aspectos que só corresponden ás familias, caso dos novos modelos de convivencia ou a educación

afectivo-sexual. Polémica reflectida nos medios, así destacaremos certas intervencións coma a do portavoz da Conferencia Episcopal Española Martínez Camino que manifestaba o que o estado pretende con esta materia "la formación obligatoria de las conciencias", e do vicepresidente cardeal A. Cañizares que insistía "colaborar en la implantación de la nueva asignatura es colaborar con el mal" (1) ou "Los padres deberían recurrir a todos los medios legítimos a su alcance" (2), e ó igual ca o cardeal Rouco "No parece que quepa duda razonable: la imposición legal de una asignatura obligatoria de formación antropológica y moral con carácter general para todos los alumnos, significaría el no cumplimiento del art. 27 de la Constitución -sobre a liberdade da ensinanza e dereito á educación- en combinación co art. 16 -da liberdade ideolóxica e relixiosa- (3). Mais o presidente da CEE Blázquez amaina o debate apoiando ó estado aconfesional da Constitución "es confesional para que creyentes y no creyentes, de una religión y de otra, donde podemos desarrollar la libertad religiosa a la que tenemos derecho" comentarios en relación ás palabras do presidente Zapatero no 23º Congreso das Xuventudes Socialistas sobre o rexeitamento a EpC de "hasta que punto se puede intentar hacer demagogía y no entender cual es el auténtico patriotismo" (2) en relación a que ningunha fe pode impoñerse as leis nunha sociedade democrática aconfesional e laica que garantiza a pluralidade e a tolerancia.

Pero a polémica vaise apagando ó respaldar a patronal máis numerosa dos colexios relixiosos concertados - FERRE- a impartir a asignatura, unha polo risco de ver perder as subvencións e outra ó aceptar adaptala ó seu ideario católico formando dese xeito "buenos cristianos y buenos ciudadanos" -segundo o seu secretario M. De Castro- e ademais coa elaboración dunha "guía moral" para o seu profesorado desaparecendo para eles os modelos "tipo de familia hetero e homosexual pola a familia na Constitución, o pluralismo moral ou as referencias ó xénero a favor dunha inspiración na vida dos santos". O mesmo monseñor Blázquez a apoia "FERRE siempre ha querido actuar en comunión eclesial", cando antes foran reprendidos polo rechazo a obxección de conciencia nos centros, manifestando agora que a responsabilidade é dos pais "Después un obispo

puede decir más cosas otro puede decir menos, esto, lo otro, bajo su específica responsabilidad" (4). Postura que a Confederación de país católicos -Concapa- non segue ó apoiar o boicot a EpC defendendo que a obxección é unha das opción que teñen os pais e que eles non criticaron a FERE. Cando o mesmo PP, ó igual que a Presidenta da Comunidade de Madrid a Sra. Aguirre atempera as súas posicións "vamos a dar los mínimos de EpC que la lei nos permite"(5) Permanecendo a Fundación San Pablo-CEU, impulsada pola Asociación católica de propagandistas, no seu rexeitamento e defensa con todos os medios lexítimos da obxección de conciencia "La obligatoriedad del aprendizaje de esta signatura daña de raíz la libertad de los españoles en una intolerable intromisión del Estado en el derecho exclusivo de los padres a elegir el tipo de enseñanza moral que deseen para sus hijos"(6).

En relación coa obxección a fiscalía de Andalucía rechazou o recurso interposto por cinco pais ante TSJA por vulnerar o seu xuízo o dereito á liberdade relixiosa dos seus fillos e aclara que se produciría de aceptala unha "grave afectación del interés general y del derecho a terceros" (7). Igualmente a obxección de conciencia alegada amparada no art. 30.2 da Constitución,

coido que non ten apoio ó referirse á servizo militar "a lei fixará as obrigacións dos militares españois e regulará, coas debidas garantías, a obxección de conciencia, así como as demais causas do servizo militar".

Por outra banda, o profesor X.R. Jarés reflexiona sobre si esta obxección tradúcese no absentismo escolar voluntario, e o alumno ó non asistir non podería acadar por tanto as competencias básicas e os obxectivos de etapa, e por tanto no poder titular; de aí que interprete a necesidade do MEC en legislar urxentemente sobre este tema docente. Ó igual que o Estado xuridicamente tería que intervir ante a negativa dos pais a que os seus fillos cursasen unha materia obrigatoria, entendendo que Lei Orgánica de Educación aprobada polas Cámaras é de obrigado cumprimento.

E respecto á liberdade de cátedra, esta utilízase sobre todo no ámbito universitario, posto que nos demais niveis son os planos de estudo, os que determinan cales van ser os contidos mínimos do ensino, e o abano de medios pedagóxicos polos que pode optar o profesorado, non podendo este ordear ideoloxicamente o seu ensino con enteira liberdade conforme coas súas convicións.

### -Por que da EpC

No preámbulo da LOE refírese como novidade do currículo a EpC ó describir a súa "finalidade consiste en ofrecer a todos os estudantes un espazo de reflexión, análise e estudo acerca das características fundamentais e o funcionamento dun réxime democrático, dos principios e dereitos establecidos na Constitución española e nos tratados e as declaracións universais dos dereitos humanos, así como dos valores comúns que constitúen o substrato de cidadán nun contexto global". E segue apuntando que esta non substitúe ou é alternativa o ensino



religioso, nin a educación en valores. Valores, apuntamos, que co seu carácter transversal impregnan o currículo de todas as áreas/materias "-educación ambiental, educación para a Paz, educación vial, educación para a igoaldade de oportunidades e ámbolos dous sexos, educación para a saúde-educación sexual, e educación moral e cívica- contidos curriculares que a LOXSE implantou -lembramos os enriquecedores documentos e guías das "caixas vermellas"-, e que non xeraron esta gran polémica actual, quizais froito da crispación da clase política que o cidadán de a pé non vive, e dunha xerarquía católica inqueda pola posible perda de poder tutelar na sociedade. Transversais que as máis das veces non é doado traballar pola excesiva centralidade no currículo/contidos conceptuais propios de cada área, e que ás veces quedaba como lección ocasional ou nas datas/festas oficias a celebrar.

Polo que a publicación do documento de "A Educación para cidadanía no contexto escolar europeo" vai impulsar o deseño curricular da EpC.



#### -Documento de Eurydice

A Rede europea da información en educación, publica no ano 2005 o documento antes citado no contexto escolar europeo, froito do estudo en 30 países de Eurydice, e que analiza como se impartía a EpC nos centros europeos de primaria, secundaria inferior e superior nos centros públicos e/o privados concertados no curso 2004-05.

O alicerce ven da Unesco que promoveu a idea da educación para a cidadanía global a través da NNUU no eido dos Dereitos humanos -1995/04- e o propio Consello de Europa que veu desenvolven-

do o seu proxecto Educación para a cidadanía democrática dende 1997.

Esta EpC fai referencia á educación que os alumnos/as reciben no ámbito escolar, a fin de garantir que se convirten en cidadáns activos e responsables, capaces de contribuir ó desenvolvemento e benestar da sociedade en que viven. Concepto de cidadanía entendido nalgúns países como só de relación xurídicas entre cidadán e estado, ata o máis estendido do seu rol social. Anque os obxectivos nos diferentes países son variados, en xeral engloban tres apartados:

*-Adquisición da cultura política:* coñecemento das institucións sociais, cívicas e políticas; das constitucións nacionais, patrimonio e devenir cultural, histórico e lingüístico; estudo dos temas sociais actuais...

*-Desenvolvemento do pensamento crítico e de certas actitudes e valores:* recoñecemento e respecto por si mesmo e dos demais, habilidades sociais; responsabilidade social e moral; escoita activa e resolución de conflitos, espírito solidario...

*-Participación activa:* comunidade escolar, local; experiencias prácticas de democracia nos centros; compromiso cos demais; asociacionismo...

Hai que salientar que as orientacións de política educativa son variables facendo fincapé diferente países, como -os nórdicos o respecto pola natureza, o land de Renania ó respecto a Deus, Noruega na educación e moral cristiana, Estonia na inclusión dos non nativos, R Checa na cohesión social e a democracia...-

A propia oferta da mesma é variable tanto en horas (sobre 1 ou 2 horas, como materia independente en especial na secundaria superior), e no enfoque ó desenvolverse como materia: independente; independente e integrada; independente e transversal; transversal; integrada; e integrada e transversal. No caso do noso país nas actuais etapas educativas era "integrada e transversal", e partir da LOE pasa a ser "independente e transversal". (8)

## O Currículo da EpS no ensino obrigatorio

Os obxectivos adecuados a cada nivel educativo da Educación para a cidadanía e os dereitos humanos contéplase co mesmo nome como área en 6º de primaria e como materia 2º de ESO e no 4º curso como educación ético-cívica, ó igual que os mesmos estarán na materia obrigatoria de Filosofía e cidadanía en bacharelato.

Tanto os obxectivos e contidos da primaria como os da secundaria (9), seguen os europeos sobre -autonomía persoal, autoestima, identidade, afectividade, condutas non violentas, resolución de conflitos, diálogo e mediación, asunción de dereitos e deberes, mecanismos de funcionamento das sociedades modernas, participación responsable e democrática, identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, discriminación e inxustiza, habilidades comunicativas e sociais, valores e normas na convivencia, ser quen de analizar a súa situación no medio, etc. Coidamos que seguen ós europeos xa citados, e só os relacionados co eido dos estereotipos -de xénero, ...- e nos bloques de contidos da identidade persoal -recoñecemento das diferencias de sexo .. e análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero poden tomarse como aportacións novas, polo que respecta primaria. E na secundaria o obxectivo de "asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres -...rexeitando as situación de orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia-", "recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes... e a prevención da violencia de xénero" ; ou no bloque de contidos sobre identidade e alteridade na educación ético-cívica de 4º da ESO poden chegar a verse como unha intromisión do Goberno na educación moral, que para unha minoría, só corresponden ás familias.

### - Conclusións

Para non alongarse coido que aínda que en Galicia non se implante este curso a EpC, na nosa comunidade non se manifestaron a nivel de prensa nin unha das virulentas posturas dos medios da capital do estado, e ademais a cidadanía galega ten un pouso de tranquilidade e reflexión que lle da o ser un pobo vello, retranqueiro, aberto ó pensamento non

unitario que evita entrar en polémicas estériles. Mais centrándonos podemos salientar tres aspectos:

. O profesorado é quen sostén o sistema educativo, e non se pode poñer en xuízo a súa vontade de educador, que leva consigo a non manipulación dos escolares, senón levaríanos a cuestionar en especial o xeito de impartir a Historia, como materia máis susceptible ó sesgo.

. A Educación para a cidadanía, si é necesaria como materia independente, por que isto permite facer un traballo regrado e programado nun horario propio, no que as dinámicas de grupo, asembleas, traballo cooperativo, proxectos intra e intercentros, actividades complementarias, apertura a outras institucións e organizacións, etc. potencien non só a interacción persoal e social, senón a intelixencia emocional cara o obxectivo da cidadanía responsable. Que actualmente aínda tendo en conta transversalidade e a propia hora presencial de titoría na ESO era difícil cumprir cos obxectivos citados.

. Importancia dos materiais e formación do profesorado, de acordo co profesor J.A. Marina. Materiais axeitados moi necesarios para axudar ó profesorado de primaria, por que como xa vimos coa FERE, as máis das veces o profesorado perde de vista os obxectivos do currículo oficial, e quédase so co libro de texto, e ista área é de maior implicación a nivel persoal. E da necesidade de formación do profesorado en coñecementos históricos, xurídicos e políticos cara os niveis da ESO.

Remato, cun madia leva a EpC si o profesorado que a imparta non a vive, se implica e cre nela.

(1)El País 13/07/07

(2)La Voz de Galicia 24/07/07

(3)"La educación para la ciudadanía, reflexiones para la valoración jurídica y ética". R.A. de Ciencias Morales e Políticas (29-05-07).

(4) El País 04/09/07

(5) El País 04/07/07

(6) El País 22/09/07

(7) El País 05/07/07

(8) Eurydice 2005 "A educación para a cidadanía no contexto escolar europeo".

(9) D. 130 /07 de primaria (DOG 09/07/07), D. 133/07 de secundaria(DOG 13/07/07)